



MANIFESTO POR UN SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL PROPIO

INTRODUCCIÓN/ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 27 do Estatuto das persoas traballadoras (ET) regula a fixación e revisión do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) no Estado español atendendo a unha serie de criterios e consultas que dificultan o dereito das persoas traballadoras a unha remuneración suficiente que lles proporcione un nivel de vida decoroso, unha remuneración xusta que asegure un nivel de vida digno.

Cada ano que pasa é máis evidente a insuficiencia das contías nas que se fixa o Salario Mínimo Interprofesional para afrontar xustamente o alto custo da vida. E cada ano asistimos á posta en escena do chamado diálogo social, que con acordo ou sen acordo, vai sumando máis incapacidade para corrixir as desigualdades sociais crecentes.

A existencia dunha regulación estatal única, centralista e negadora da realidade plurinacional do Estado, xunto coa imposición das sucesivas reformas laborais, a aprobada no 2012, que se mantén en vigor, polo Goberno do PP, a aprobada polo Goberno actual a finais do 2021, conforma unha lexislación laboral que normaliza a precariedade laboral e os baixos salarios a través da imposición do traballo a tempo parcial e dos contratos fixos descontinuos.

Neste contexto, a carestía da vida, que limita o acceso a produtos de alimentación básicos, a crecente especulación e crecemento dos prezos para ter unha vivenda, completan unha realidade dramática que reduce o poder adquisitivo dos salarios.

Son urxentes cambios radicais nas políticas públicas no Estado español, que superen, ao mesmo tempo, o modelo neoliberal e a obsesión do chamado “mercado único español”, que uniformiza as desigualdades económicas e sociais para todos os territorios.

Esta iniciativa lexislativa que promovemos os sindicatos asinantes reclama un cambio normativo na dirección de mellorar e facer máis xusto o SMI, a través de dúas vías: descentralizar a contía do Salario Mínimo Interprofesional e mellorar os indicadores e afectación ás persoas traballadoras para que despregue plenamente os seus efectos para mellorar os salarios. Agora que se debaterá a modificación do artigo 27 do Estatuto dos Traballadores como consecuencia da directiva (UE) 2022/2041, acreditamos que urxe abordar o debate sobre a posibilidade de que as Comunidades Autónomas poidan establecer un SMI Propio.

En canto á primeira, desde o mínimo establecido a nivel estatal, as Comunidades Autónomas deben de poder dispor dos mecanismos e indicadores que permitan adaptalo á realidade económica e social.

Polo que respecta á segunda, as revisións do SMI e a súa aplicación teñen que garantir o incremento automático e inmediato nas táboas salariais, ademais do carácter non compensábel nin absorbíbel de ningún dos complementos salariais que perciba a persoa traballadora.

Por último, toda esta nosa proposta anterior é inseparable de reclamar a derogación do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), e a utilización do salario mínimo interprofesional como única referencia de indicador público para efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social pública.

ELA
EUSKAL SINDIKATUA

LAB


steilas


ETXALDE
nekazaritza irauunkorra

HIRU

CG
Confederación Intersindical Galega

**INTER
SINDICAL**
TREBALL | REPÚBLICA | JUSTICIA SOCIAL


**INTER
SINDICAL**
VALENCIANA

IAC
INTERPROFESIONAL
ALTERNATIVA DE CATALUNYA

STEI



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Proposición de lei para a reforma do texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, dirixida ao recoñecemento competencial ás comunidades autónomas para o establecemento dun SMI propio de acordo coas previsións do artigo 150.1 CE.

Artigo único. Modificación da regulación do SMI establecido no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET) 2/2015, do 23 de outubro.

Modificación da regulación do SMI establecido no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET) 2/2015, do 23 de outubro.

Un: Modificarase o artigo 27 do TRLET que quedará redactado como segue:

Artigo 27. Salario mínimo interprofesional.

1. O Goberno fixará, previa consulta coas organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, anualmente, o salario mínimo interprofesional, tendo en conta:

- a) O índice de prezos de consumo.
- b) A produtividade media nacional alcanzada.
- c) O incremento da participación do traballo na renda nacional.
- d) A conxuntura económica xeral.
- e) A renda, os servizos públicos dispoñíbeis, o custo da vida ou outros indicadores similares.

Igualmente, fixarase unha revisión semestral para o caso de que non se cumpran as previsións sobre o índice de prezos citado.

A revisión do salario mínimo interprofesional non afectará á estrutura nin á contía dos salarios profesionais de aplicación ás persoas traballadoras.

2. 2. O salario mínimo interprofesional, na súa contía, tanto anual como mensual, é inembargábel. Para efectos de determinar o anterior, teranse en conta tanto o período de devindicación como a forma de cómputo, inclúase ou non o prorrateo das pagas extraordinarias, garantíndose a inembargabilidade da contía que resulte en cada caso. En particular, se xunto co salario mensual se percibise unha gratificación ou paga extraordinaria, o límite de inembargabilidade estará constituído polo dobre do importe do salario mínimo interprofesional mensual e, no caso de que no salario mensual percibido estivese incluída a parte proporcional das pagas ou gratificacións extraordinarias, o límite de inembargabilidade estará constituído polo importe do salario mínimo interprofesional en cómputo anual prorrateado entre doce meses.

3. As Comunidades Autónomas poderán establecer un SMI aplicábel no seu territorio e con independencia do convenio colectivo de aplicación, para cuxos efectos deberán ter en conta o establecido no apartado 1 deste artigo e na disposición adicional primeira desta lei. O SMI establecido na CA deberá ser sempre superior ao SMI establecido polo Estado en cómputo anual e mensual.

Dous: Engádense ao TRLET a seguinte Disposición Adicional

Disposición adicional. Os apartados 1 e 3 do artigo 27 da Lei dítanse en virtude da competencia estatal prevista no art. 150.1 CE, constituíndo as previsións do apartado 1 os principios, bases e directrices en cuxo marco se exercerá a competencia autonómica.

ELA
EUSKAL SINDIKATUA

LAB


steilas


eTXalde
nekazaritza iraunkorra

HIRU

CG
Confederación Intersindical Galega

INTER SINDICAL
TREBALL | REPÚBLICA | JUSTICIA SOCIAL


INTER SINDICAL
VALENCIANA

IAC
INTER SINDICAL
ALTERNATIVA DE CATALUNYA

STEI